



AGEFEC
Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria



Edificio administrativo de San Lázaro s/n
15781 – Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2016

Estimado Sr. Conselleiro;

Dende a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC), a Asociación

Galega de Enfermería Pediátrica (AGaEP) e a Asociación de Enfermería do Ámbito Galego de

Saúde Mental (AEAGSM). Queremos transmitirle que a administración sanitaria non pode

permitirse o luxo de formar a enfermeiros/as especialistas e logo non rentabilizar o gran esforzo

realizado na súa formación, tanto a nivel humano coma económico. Facendo así un uso

deficiente do diñeiro público invertido desaproveitando os coñecementos duns profesionais

altamente formados e cualificados.

Nas Estratexias SERGAS 2020, a sanidade galega márcase como un dos retos para os próximos 4

anos o de *“coidar aos bos profesionais para que sexan partícipes da súa organización, sendo*

máis importante que nunca polos en valor, dándolles moito máis peso ao desenvolvemento da

súa excelencia profesional”. Unha das cuestións relacionadas con isto, é a da aplicación do

DECRETO 81/2016, do 23 de xuño, polo que se recoñece no Servizo Galego de Saúde a

categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista. Pero a pesares de que xa fai máis de 3

meses que se publicou este Decreto no DOG, a día de hoxe aínda seguimos sen coñecer nin

dispoñer da información de cando comezará a aplicarse.

Ademais de reclamar que no Decreto da Oferta Pública de Emprego para o ano 2017 se inclúan

o máximo número de prazas para as nosas especialidades enfermeiras, dende a AGEFEC, a

AGaEP e a AEAGSM facémoslle as seguintes peticións:

• **AGEFEC:** Apertura e funcionamento da listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria, coa correspondente dotación

inicial de prazas que se irán incrementando a medida que se vaian formando novos

profesionais; de xeito que se garanta a inserción laboral da totalidade de especialistas

formados.

• **AGaEP:** Apertura e funcionamento dunha única listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería Pediátrica, así como a reconversión de todas as prazas

formadas.

• **AEAGSM:** Apertura e funcionamento dunha única listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería do Ámbito Galego de Saúde Mental, así como a reconversión

de todas as prazas formadas.

• **AEAGSM:** Apertura e funcionamento dunha única listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería do Ámbito Galego de Saúde Mental, así como a reconversión

de todas as prazas formadas.

• **AEAGSM:** Apertura e funcionamento dunha única listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería do Ámbito Galego de Saúde Mental, así como a reconversión

de todas as prazas formadas.

• **AEAGSM:** Apertura e funcionamento dunha única listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería do Ámbito Galego de Saúde Mental, así como a reconversión

de todas as prazas formadas.

• **AEAGSM:** Apertura e funcionamento dunha única listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería do Ámbito Galego de Saúde Mental, así como a reconversión

de todas as prazas formadas.

• **AEAGSM:** Apertura e funcionamento dunha única listaxe de selección temporal para a

especialidade de Enfermería do Ámbito Galego de Saúde Mental, así como a reconversión

relacionadas cos coidados pediátricos ocupadas por enfermeiros/as fixos que posúan a titulación de especialista en Enfermería Pediátrica.

- **AEAGSM:** Utilización da listaxe da categoría para a cobertura de todas as necesidades en unidades e servizos de saúde mental, facendo contratos como “especialista”. Reconversión de todas as prazas das unidades de saúde mental ocupadas por enfermeiros/as fixos que posúan a titulación da especialidade.

Esperando recibir unha pronta contestación, reciba un cordial saúdo.

Atentamente,



Francisco Jesús Represas Carrera
Presidente da AGEFEC





Fernando Regueira Casas
Presidente da AGaEP



Laura Jardón Golmar
Presidenta da AEAGSM



AGEFEC
Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria



Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC)

Rúa Xosé Chao Rego, 8 baixo. CP: 15705 - Santiago de Compostela. secretariatecnica@agefec.org. Tfl: 981 555 920.

Asociación Galega de Enfermería Pediátrica (AGaEP)

Rúa Xaquín Lorenzo, 16, 3ºE. CP: 15895 - Milladoiro. info.agaep@gmail.com. Tfl: 618 564 043.

Asociación de Enfermería do Ámbito Galego de Saúde Mental (AEAGSM)

C/. José Gómez Posada-Curros, 10, 4ºH. CP: 36203 - Vigo. aeagsm16@gmail.com. Tfl: 647235565.